



Día Mundial das Artes Escénicas para a Infancia e a Mocidade 2020
Leva un neno ao teatro hoxe / Leva unha nena ao teatro hoxe

Que significado ten para un neno ou para unha nena involucrarse nun encontro creativo, nunha nova experiencia artística? Por que é algo tan importante?

Recentemente tiven o privilexio de escoitar a Yo-Yo Ma, o gran violonchelista, falar e tocar. El falou da hospitalidade cultural, que entende como a capacidade (e, de feito, a obriga) que teñen as artes de acoller o que é novo, innovador e fóra do común, o que se encontra nas marxes, o que aínda non foi escoitado e polo tanto é ignorado... Na súa opinión, é a nosa tarefa como artistas mostrar hospitalidade con estas voces, formas e técnicas que á súa vez son as que nos permiten cambiar.

Lembroume o que significa ser anfitriño, e o que significa ser invitada. Un dos elementos máis importantes de ámbalas dúas cousas é a calidade da escoita, a vontade de saír da nosa zona de confort, de abrazar e celebrar a diferenza.

Un grande anfitriño é o que fai que todas e todos se sintan como na casa, sen importar de onde veñan ou cales sexan as súas experiencias. É quen deixa o seu ego a un lado polo interese xenuíno nesa persoa que acaba de chegar. É quen quere darlles a todos a mellor experiencia posíbel. Un grande invitado é quen acode cunha curiosidade ilimitada ao encontro, querendo aprender do outro, da outra, sen medo a probar algo novo.

Nese espazo de receptividade mutua, atopamos conexión, atopamos sorpresa e atopamos aprendizaxe profunda. Saímos destes encontros sendo diferentes. Chegamos a tocar o que nos fai humanas e humanos, en nós e tamén no resto...

E isto é o máis precioso que nos dan as artes. Como artistas teatrais debemos atopar a maneira de invitar a nenas, nenos, mozas e mozos a formar parte destes encontros cun espírito xeneroso, desexando escoitar o público tanto como queremos que nos escoiten.

Cando isto acontece, entón sentimos que a conexión medra... atopamos un terreo común, somos capaces de obter unha panorámica completa, temos asomos de intuición e sentimos ese rubor de

sentimento compartido que chamamos empatía. Temos a sensación de que importamos, de que os e as demais importan, e de que o que estamos explorando de maneira conxunta, tamén importa.

Nesta época na que cada vez máis persoas son rexeitadas, expulsadas nas fronteiras e nos aeroportos, marxinadas e ignoradas porque proveñen dunha clase, etnia, grupo lingüístico ou relixión diferente, son o artista e a artista quen teñen a capacidade de proporcionar un sentido de pertenza, de conexión.

E todas as nenas, todos os nenos necesitan iso.

Yvette Hardie
Presidenta de ASSITEJ Internacional